



SOBRE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICA EXCEPCIONAL

CCOO ven desde hai anos denunciando e mobilizándose contra a destrución de emprego público, e sobre todo contra a imposición da TAXA DE REPOSICIÓN. No mes de xuño propusimoa unha OPE EXCEPCIONAL de 300.000 prazas no sector público, das que 94.000 serían para o sector sanitario. Posteriormente chegaron sentenzas europeas que favoreceron a necesidade de negociar un acordo similar ao que propoñía CCOO.

O acordo xa existe, e CCOO o celebra como algo que vai favorecer o emprego estable. Un dato, o MINISTERIO DE SANIDADE e non ningún sindicato, dí que en Galicia hai entre interinos e contratos eventuais, que son estruturais, de mais de tres anos, 7.660 é dicir un 22% dos 34.057 traballadores do SERGAS.

Existe un documento asinado que marca as pautas dos procesos selectivos a desenvolver en tres anos e permitirían estabilizar o emprego.

A partir do acordo, hai que desenvolver: datas, número de prazas/ano, proceso selectivo, etc

É un acordo para loitar contra a alta temporalidade, para estabilizar.

Alguns critican o acordo porque non resolve outros problemas....CLARO e por iso CCOO non asina o 1% de incremento salarial e esixe un mínimo dun 3%; por iso CCOO e outros sindicatos creamos unha Plataforma Sindical para reivindicar melloras salariais (carreira profesional e recuperar acordos tan importantes como os de Primaria, por exemplo, para que os compañeiros dos PACs cobren as noites e festivos como deberían desde hai anos) ou para que non sigan penalizando a I.T.

Polo tanto, CCOO si celebra este ACORDO HISTÓRICO contra a temporalidade que fará a miles de compañeiros, hoxe con contratos de interinidade algúns e eventuais outros, en personal fixo a través de OPE. Tal vez, sabendo do que falamos, entendamos o nerviosismo dos interesados en que siga a alta temporalidade, contratos precarios e en fraude de lei...para algúns a situacións destes compañeiros, SÍ É UN NEGOCIO.